

Cóllete a mañá e vente a un encontro de ...

Crowdfunding - Financiamento Colectivo

● 20 de marzo de 2013 ● Horario : 9.00 a 14.30 horas ● Santiago de Compostela

Presentación : sumando solucións para realizar os nosos proxectos

A Unión de Cooperativas de Traballo Asociado Ugacota, celebrará un encontro práctico sobre **Crowdfunding Financiamento Colectivo** o día 20 de marzo de 2013.

A problemática económica está impedindo poñer en marcha proxectos, pero afortunadamente pódese innovar na maneira de financiarlos, mediante unha nova forma de

financiamento colectivo que usa as tecnoloxías, as redes e as comunidades de internet.

Trátase de sumar solucións ás dificultades de financiamento, a través de pequenas achegas económicas, e aglutinando ao público obxectivo dun produto ou servizo antes de que chegue ao mercado.

Para conseguilo é vital **acadar unha aprendizaxe** que nos prepare para realizar e **crear campañas** na que difundir os nosos proxectos e obter o financiamento que os posibilite mediante esta práctica de cooperación colectiva.

Coñece e descubre o Crowdfunding

É o **financiamento colectivo** mediante a dinamizan de redes de persoas e entidades colaboradoras, co fin de acadar cartos ou outros recursos, a través da internet.

Está sendo **empregada por todo tipo de sectores** e proxectos como blogs, xornais, investigación, música, cine independente, etc. Atende as necesidades de novos proxectos e incluso o nacemento de pequenas empresas e comezan a desenvolverse plataformas de ámbito especializado, por sectores industriais ou áreas culturais.

No xa concorrido campo do crowdfunding, **Verkami** financiou colectivamente máis de 700 proxectos en dous anos. **Lánzos** rebasou o millón de euros recadados, con 100.000 usuarios/as rexistrados/as e nun ano de actividade, **Goteo** recadou 450.000 euros, cunha media de 40 euros por cofinanciador/a e con 120 proxectos en marcha.

¿Sabías que, a rede de mercado social, vinculada á promoción da economía social e solidaria, vai a financiar o desenvolvemento dunha plataforma web para intercooperar entre produtores/as, distribuidores/as e consumidores/as, a través deste sistema (www.konsumoresponsable.coop)?.

¿Que obxetivos temos?

Abordar a innovación no financiamento de proxectos empresariais e de cooperación.

Explorar as posibilidades do crowdfunding para os proxectos empresariais de base cooperativa.

Dar a coñecer as redes e plataformas de financiamento colectivo, máis empregadas

Expoñer as claves para crear un proxecto de financiamento colectivo.

Presentar casos reais que poidan servirnos de referencia.

¿A quen vai dirixido?

Prioritariamente a cooperativas, en especial, ao persoal técnico, ás persoas que teñen responsabilidades directivas, responsables de financiamento, e aos consellos reitores. Dirixida tamén ao persoal técnico das asociacións de cooperativas.

No caso de dispor de prazas abriríase a convocatoria a entidades de economía social e a persoas interesadas, en xeral.



Programa

Santiago de Compostela

Centro Sociocultural O Ensanche

Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16

(A uns 50 m. da Praza Roxa. A uns 10 m. da Estación de tren)

9.00 horas. Recepción e entrega de documentación.

9.30 – 14.30 horas

Introducción ao término Crowdfunding . Opcións de microfinanciamento e plataformas.

¿Que é o Crowdfunding? – Principios e pautas de funcionamento. Plataformas : características, custes, requisitos, etc.

Necesidades e implicacións na práctica. As claves para crear unha campaña: comunicación do proxecto e contraprestacións.

¿Que hai que saber? – ¿Que estratexias seguir á hora de crear campañas?.

Presentación e análise de casos reais.

Presentación, análise e valoración de varias iniciativas que empregaron o sistema de financiamento colectivo crowdfunding.

Está prevista unha **pausa** a media mañá

Nota sobre o lugar de celebración:

O Centro Sociocultural O Ensanche queda a uns 50 m. da Praza Roxa, e a uns 10 m. da Estación de Tren.

Para as/os que se despracen en coche, na Praza Roxa, na Estación de Tren, e tralo Parlamento de Galicia (rúa do Hórreo) hai aparcamento.

Metodoloxía

Empregarase un enfoque práctico e participativo, dinámico, e acompañado de casuística real no tratamento dos contidos.

A través da presentación de casos, presentar as solucións, empregando para elo as técnicas, as dinámicas ou os recursos didácticos que se estimen máis idóneos pola súa orientación práctica.

¿Como participar?

Para asistir debes inscribirte e pagar a cota de inscrición.

Establécese unha **cota de inscrición: 30 €** . A cota de asistencia para dúas persoas da mesma cooperativa: 50 €. Deberá facerse efectiva na conta de Ugacota en **Novagalicia Banco 2080 5140 97 3040023289**.



Dinamiza o encontro

Beatriz García.

I+D Curator. Licenciada en Documentación. Máster en Comunicación, Cultura e Cidadanía dixital. Consultora, formadora e conferenciante. Tecnoloxías, I+D, proxectos, eventos, emprendemento e coworking.

Podes inscribirte a través da nosa web

www.ugacota.coop. Ou ben facilítanos o nome, apelidos, DNI, cooperativa, organización ou entidade á que pertences, xunto cun teléfono de contacto e correo electrónico, en:

nuria@ugacota.org ou no **986 13 65 92**.

Priorizaranse as prazas para as cooperativas.

Ademais de asistir ao encontro o día 20 de marzo, inscribíndote previamente, podes axudar coa súa difusión na túa web, en facebook ou calquera rede social, entre ás socias da túa cooperativa, outras entidades de economía social e cooperativas.

Promove

Os encontros xerenciais intégranse nun **Programa de Apoio á Función Xerencial en Cooperativas** da Unión de Cooperativas de Traballo Asociado UGACOTA, nel colaboran a Consellería de Traballo e Benestar, a Fundación Novacaixagalicia, e a cooperativa de crédito Caixa Rural Galega.